



# “UN MAR DE PLÁSTICOS”



**MESTRA: JENNY (titora de 4 anos)**

**ÁMBITOS DE APRENDIZAXE INCLUSIVOS: ÁMBITO NATURAL E SOCIAL**

**CONTEXTO: 4º, 5, 6º de educación infantil**

**CURSO: 2023/2024**



## 1. IDENTIFICACIÓN

<b>TÍTULO DA TAREFA:</b>	<b>“UN MAR DE PLÁSTICOS”</b>		
<b>ETAPAS:</b>	INFANTIL	<b>NIVEIS:</b>	4º, 5º E 6º INFANTIL
<b>ÁREAS:</b>	GLOBALIZADO	<b>MESTRAS:</b>	Jenny, Lucía e Mar

### DESCRIPCIÓN DA TAREFA:

**O produto final relevante** Crearemos a nosa propia cosmética natural de cara ao segundo trimestre para despois promocionar no noso IV Congreso #ODS2030. Nesta primeira tarefa trataremos de concienciar ao alumnado da contaminación masiva dos nosos ecosistemas mariños e a importancia que teñen a reciclaxe e o uso de produtos sostibles e respetuosos co medio natural. Esta tarefa serviranos de punto de partida para aclarar os primeiros conceptos relacionados coa temática da cosmética natural, eixo principal do ámbito natural e social ao longo deste curso escolar.

### XUSTIFICACIÓN:

Partimos de que a temática central do ámbito natural e social para este curso escolar é “A cosmética natural”. Trateremos de investigar sobre o impacto medioambiental destes produtos que utilizamos a diario nas nosas casas. Polo tanto, partimos de que estes produtos xeran dous problemas: contaminación e toxicidade para o ser humano.

Trataremos de centrarnos en que podemos facer para mellorar isto: aforrar, reciclar, boa xestión dos residuos, reducir o lixo e o consumo, mercar produtos sostibles... E con isto chegamos á **COSMÉTICA NATURAL**.

(\* **Cales son os produtos que contaminan máis ou que teñen un maior impacto no medioambiente? → XABÓN E AUGA EMBOTELLADA.**

**Por isto, partimos dun primeiro momento de algo cercano para o alumnado de infantil: os ecosistemas acuáticos, O MAR.**

### CONTEXTO:

Aulas de 4º, 5º, 6º de EI

2. CONCRECIÓN CURRICULAR		
ACTIVIDADES	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN
1. <b>“Un mar de plásticos”</b> Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES).	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA3.6. Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.</li> <li>▪ CA3.1. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Escala de valoración</li> <li>- Rexistro da observación directa</li> <li>- Escala de valoración</li> </ul>
2. <b>“Augas viaxeiras”</b> (PRIMEIRO XOVES)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.</li> </ul>	
3. <b>“Alguén tragou a Lola?”</b> (SEGUNDO MARTES)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.</li> <li>▪ CA3.6. Valorar a necesidade de coidar e de respectar os seres vivos.</li> <li>▪ CA3.1. Mostrar unha actitude de respecto e coidado e protección cara ao medio natural e os animais identificando o impacto dalgunhas accións humanas sobre el.</li> </ul>	
4. <b>“CONTAMIN-ACCIÓN”</b> (SEGUNDO XOVES)	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CA2.4. Expor hipóteses sobre o comportamento de certos elementos ou materiais verificándoos a través da manipulación e da actuación sobre eles.</li> </ul>	

**CONTIDOS ESPECÍFICOS DA TAREFA****EDUCACIÓN INFANTIL:**

- Respecto e protección do medio natural.
- Experimentación de accións cos elementos naturais: auga, terra, aire. Características e comportamento (peso, capacidade, volume, mesturas ou transvasamentos).
- Influencia das accións das persoas no medio físico, no patrimonio natural e cultural e no cambio climático.
- Relacións causa-efecto dos fenómenos naturais e da acción humana sobre o medio: incendios, inundacións, extincións, prácticas non sustentables.
- Recursos naturais. Sustentabilidade, enerxías limpas e naturais.

3. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (1)				
ACTIVIDADES	EXERCICIO 1	EXERCICIO 2	EXERCICIO 3	EXERCICIO 4
<p><b>1. “Un mar de plásticos”</b>  <b>Motivación inicial</b>  <b>(PRIMEIRO MARTES).</b>                      Primeiro achegamento á tarefa. O alumnado verase inmerso nunha experiencia sensorial relacionada coa temática a abordar.</p>	<p><b>1.1. Círculo inicial.</b>                      Proxectaremos na pantalla unha imaxe que mostrará os efectos da contaminación no mar. Facemos a rutina de pensamento: <i>Vexo, penso e preguntome.</i>                      Compartimos impresións en gran grupo.</p>	<p><b>1.2. Sorpresa! Instalación artística: “Un mar de plásticos”.</b> Na sala sensorial do cole haberá montada previamente unha instalación con diferentes elementos relacionados coa temática que nos ocupa. Ubicaremos o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• a proxección dun vídeo ao fondo sobre a xestión de residuos e a contaminación dos nosos mares, ríos, lagos...</li> <li>• unha rede de pesca colgada do cubo de guaridas na que colgaremos a súa vez fotografías relacionadas: gaivotas comendo redes, peixes</li> </ul>		

		<p>rodeados de bolsas de plástico, restos de aceite na auga, lixo tirado na area da praia...</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>● mesa sensorial con animais e diferentes envases e residuos plásticos con auga.</li> <li>● árbore de madeira con envases plásticos colgados.</li> </ul>		
--	--	--	--	--

<p><b>2. “Augas viaxeiras” (PRIMEIRO XOVES).</b> Investigaremos sobre as viaxes que fai o lixo creado polas persoas. Faremos un experimento para facelo máis visual.</p>	<p><b>2.1. Círculo: “O noso lixo. Ti onde cres que vai o noso lixo?”</b> Mostraremos unhas imaxes nas que se observan que non é certo que unicamente vai ao contenedor (fábrica contaminando, mar con lixo, lixo na rúa...).</p> <p>SOPORTE IMAXES</p>	<p><b>2.2. Hipóteses previas para o experimento.</b> En gran grupo.</p> <p>SOPORTE HIPÓTESES</p>	<p><b>2.3. Experimento en gran grupo. “Esta auga onde vai?”.</b> Facemos o experimento e observamos que acontece.</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=upNpxJL83Jc&amp;ab_channel=Afundaci%C3%B3nTV">https://www.youtube.com/watch?v=upNpxJL83Jc&amp;ab_channel=Afundaci%C3%B3nTV</a></p> <p><b>2.4. Que foi o que aconteceu?</b> Facemos os nosos debuxos de maneira individual e despois poñemos en común en gran grupo as ideas para dar remate á mañá.</p>	
<p><b>3. “Alguén tragou a Lola?” (SEGUNDO MARTES).</b> A través de distintos xogos manipulativos traballaranse aspectos relacionados coa contaminación do mar.</p>	<p><b>3.1. Vexo, penso é pregúntome coa lectura do conto “Alguien se ha tragado a Lola”.</b> Lectura en gran grupo do conto. Ao remate compartiremos as impresións.</p>	<p><b>3.2. Estacións de xogo:</b> Para continuar investigando repartimos ao alumnado por equipos en diferentes propostas de xogo que haberá pola aula:</p>		

		<p>- ESTACIÓN DE XOGO 1: <b>Arte con lixo.</b> Haberá imaxes inspiradoras colgadas ou con marcos nesta estación. Farán as súas creacións no chan sobre unha gran tea azul e faremos fotografías para unha exposición que ubicaremos no corredor de infantil. <b>SOPORTE IMAXES</b></p> <p>- ESTACIÓN DE XOGO 2: <b>Limpamos a praia.</b> Dispoñemos unha bandexa grande con area, unha zona azul simulando o mar, bonecos pequenos de madeira, plásticos e residuos distintos, animais marítimos e vexetación. O alumnado poderá xogar cos bonecos facendo</p>		
--	--	--	--	--



		<p>que van de limpeza á praia a recoller lixo cos bonecos, quenes levarán unhas bolsiñas pequenas para a recollida.</p> <p>- ESTACIÓN 3, <b>INFOR-Mar</b> (guiada): haberá dous contos sobre a contaminación do mar e unhas imaxes informativas coa temática da contaminación dos produtos de uso cotián infantís (xabón, pasta de dentes, papel do wc, toallíñas...). A mestra irá explicando as imaxes en pequeno grupo. Facilitaremos posibles solucións a este consumo de produtos altamente contaminantes e que moitas veces van parar</p>		
--	--	---	--	--

		<p>aos océanos como vimos no experimento doutro día. <b>SOPORTES IMAXES</b></p> <p>- ESTACIÓN DE XOGO 4 (guiada): <b>Contamina2</b>. Experimento contaminación das toallíñas ao depostilas no WC.</p>		
<p><b>4. “CONTAMIN-ACCIÓN” (SEGUNDO XOVES).</b> Confeccionamos o noso propio plástico non contaminante. Inspirámonos nos arquitectos da noticia para crear este material biodegradable e ecolóxico.</p>	<p><b>4.1. “Malas novas”.</b> A contaminación dos nosos mares é noticia, que podemos facer para salvar aos animais do mar e ao planeta? Visualizaremos en gran grupo a seguinte noticia coa información máis salientable para o alumnado de infantil. Comentamos as nosas impresións en gran grupo e</p>	<p><b>4.2. “Contamin-Acción”.</b> Pero... se tamén hai boas novas! <a href="https://www.nationalgeographic.es/nuevo-biomaterial-hecho-con-huesos-de-oliva-que-podria-sustituir-plastico">https://www.nationalgeographic.es/nuevo-biomaterial-hecho-con-huesos-de-oliva-que-podria-sustituir-plastico</a> <b>SOPORTE noticia + imaxes da noticia en proxección na pantalla</b> (creación de xoguetes ecolóxicos coas carabuñas das aceitunas).</p>	<p><b>4.3. Experimento.</b> Unha posible solución como os protagonistas da nosa noticia vista con anterioridade poder ser facer plástico ecolóxico. Facemos os nosos propios xoguetes de plástico biodegradable? Mans á obra! Realizamos o experimento en pequenos grupos e obtemos o noso plástico. Moldeamos e</p>	<p><b>4.4. CÍRCULO FINAL.</b> Ao remate da xornada compartiremos as experiencias en gran grupo e pensaremos no que nos gustaría volver a facer e no que non nos gustaría volver a facer das cousas que levamos a cabo durante estes días. “ O que estivo ben foi...” “O que non me gustou ou non repetiría...”</p>

	<p>nun <b>brainstorming</b> recolleamos todas as ideas. <b>SOPORTE</b></p> <p><a href="https://www.nationalgeographic.es/medio-ambiente/contaminacion-marina">https://www.nationalgeographic.es/medio-ambiente/contaminacion-marina</a></p>		<p>poñemos a secar para obter o resultado dentro duns días.</p> <p><a href="https://www.youtube.com/watch?v=cj_2zvOeO6g&amp;ab_channel=mini-nautas">https://www.youtube.com/watch?v=cj_2zvOeO6g&amp;ab_channel=mini-nautas</a></p>	
--	---	--	--	--

4. TRANSPOSICIÓN DIDÁCTICA (2)				
ACTIVIDADES	ESCENARIO	AGRUPAMENTO	RECURSOS	TEMPORALIZACIÓN
<p>1. “Un mar de plásticos” Motivación inicial (PRIMEIRO MARTES)</p>	<p>-Aula de 4 anos -Sala sensorial</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Soporte rutina pensamento, panel SCRUM, cunchas, retroproxector, cubo de guaridas, redes de mar, animais do mar, bolas de hidroxel, pedras, focos de luz, proxector, tea azul, tapóns plástico, imaxes contaminación mar, botellas plástico</p>	<p>Martes 9:30-10:50</p>
<p>2. “Augas viaxeiras” (PRIMEIRO XOVES)</p>	<p>-Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel SCRUM, imaxes ACCIÓN-CONSECUENCIA sobre a contaminación, auga, envase transparente, colorante, soporte que aconteceu no experimento? Aceite</p>	<p>Xoves 9:30-10:50</p>
<p>3. “Alguén tragou a Lola?” (SEGUNDO MARTES)</p>	<p>-Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo Pequeno grupo</p>	<p>Conto, Panel SCRUM, restos de lixo, tea azul, marcos con imaxes inspiradoras, Xogo que podo tirar polo WC, toallíñas bebé e húmidas, papel hixiénico, imaxes cosmética e a viaxe da auga das nosas casas, gaveta transparente, bonecos miniatura, animais do mar, area, cartulina azul</p>	<p>Martes 9:30-10:50</p>

<p><b>4. "CONTAMIN-ACCIÓN" (SEGUNDO XOVES)</b></p>	<p>- Aula de 4 anos</p>	<p>Gran grupo</p>	<p>Panel SCRUM, Imaxes coas malas novas e coas malas novas (presentación en gran grupo no CANVA), leite, colador, colorante, vinagre, cazo, culler, vitrocerámica, panos de cociña, filtros de café</p>	<p>Xoves 9:30-10:50</p>
--	-------------------------	-------------------	---	-------------------------

## 5. AVALIACIÓN

ASPECTOS A AVALIAR	INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN
<p><b>ENSINANZA-APRENDIZAXE (ALUMNADO)</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Escala de valoración</b></li> <li>- <b>Rexistro da observación directa</b></li> </ul>	<p><b>Como?:</b> mediante a observación directa e sistemática  <b>Quen?:</b> a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.  <b>Cando?:</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nos aspectos positivos.</p>
<p><b>PRÁCTICA DOCENTE</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- <b>Ficha de recollida de información:</b>  <a href="https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&amp;oid=114554059693774750759&amp;rtpof=true&amp;sd=true">https://docs.google.com/presentation/d/1Qh9sZSdFAyD3VZeKO9GPfP0r01XR1sMa/edit?usp=share_link&amp;oid=114554059693774750759&amp;rtpof=true&amp;sd=true</a></li> </ul>	<p><b>Como?:</b> cumprimentando a ficha.  <b>Quen?:</b> a mestra coordinadora de ámbito e as persoas especialistas que interveñen.  <b>Cando?:</b> ao remate de cada xornada de ámbito recolle a información a titora e especialista que asiste ese día. Tamén ao remate da tarefa compartiranse perspectivas co equipo de ciclo e o equipo de nivel de primeiro nunha reunión de avaliación de ámbitos final. Farase fincapé nas propostas de mellora e nos aspectos positivos..</p>